



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Tradución científica-técnica idioma 1: Inglés-Galego

Materia	Tradución científica-técnica idioma 1: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01918			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Garrido Rodríguez, Carlos			
Profesorado	Garrido Rodríguez, Carlos			
Correo-e	cgarrido@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Teoría e práctica da tradución técnico-científica na combinación lingüística inglés-galego (tradución directa e inversa). É obxectivo fundamental da presente cadeira a capacitación do alumno para traducir con fidelidade comunicativa e corrección expresiva textos especializados dos campos da Matemática, das Ciencias Naturais e da Técnica entre inglés e galego, reconhecendo as características básicas dos diferentes xéneros textuais e linguas especializadas.			

## Competencias de titulación

Código	
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
A8	Destreza para a procura de información/documentación
A9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
A14	Dominio de ferramentas informáticas
A17	Capacidade de tomar decisións
A18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
A21	Rigor e seriedade no traballo
A22	Destrezas de tradución
A26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
A27	Capacidade de razoamento crítico
A28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
A32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
A33	Dominio oral e escrito da lingua propia
B2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
B5	Coñecementos de informática aplicada
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Toma de decisións
B8	Compromiso ético e deontolóxico
B9	Razoamento crítico
B10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
B12	Traballo en equipo
B14	Motivación pola calidade
B15	Aprendizaxe autónoma
B18	Creatividade
B22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

<b>Competencias de materia</b>		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Ser-se capaz de discriminar, a partir da análise dos correspondentes caracteres textuais, entre textos técnico-científicos e textos ajeitos ao campo técnico-científico; ser-se capaz de adscreever, a partir da análise das súas características, calquer texto técnico-científico composto en inglés ou en galego a um dado (sub)género textual e a um dado tipo textual.	A3 A4 A18 A27 A33	B2 B9 B22
Ser-se capaz de habilitar autónoma e eficazmente, do modo mais natural e económico, o léxico e a morfossintaxe típicos das línguas especializadas técnico-científicas en idioma galego, o que requere o desenvolvemento de destrezas de lectura e exploración de textos especializados redigidos en luso-brasileiro.	A3 A4 A5 A8 A14 A17 A18 A21 A27 A32	B7 B9 B14 B15 B22 B23
Ser-se capaz de reconecer no texto-fonte técnico-científico composto en inglés, e en relación á lingua e á comunidade sociocultural galegas, as estruturas lexicais e morfossintáticas e os traços textuais e culturais que, no quadro da correspondente tradución instrumental, se revelarán críticos ou problemáticos.	A2 A3 A4 A17 A18 A27	B10 B22
Ser-se capaz, autónoma e eficazmente, de detetar e analizar problemas tradutivos e de aplicar as pertinentes estratexias tradutivas no quadro da tradución instrumental (equifuncional ou heterofuncional) entre inglés e galego de textos técnico-científicos pertencentes aos géneros 'artigo de enciclopedia', 'manual de instrucións de utilización de produto da técnica', 'artigo de divulgación' e 'artigo de revista especializada'.	A3 A4 A17 A18 A22 A26 A27	B7 B9 B12 B14 B18
Ser-se capaz de utilizar con proveito as diversas fontes de información e ferramentas de traballo de que hoxe dispón o tradutor profesional, tanto as tradicionais como as enquadradas nas TIC.	A5 A8 A14 A22 A27	B5 B6 B9
Fomentar a curiosidade intelectual e o espírito crítico en relación ao uso das línguas, bem como desenvolver um conceito profesional da actividade tradutiva, conforme o qual o tradutor age como mediador cultural orientado por principios deontolóxicos e de calidade.	A4 A9 A21 A28 A32	B8 B9 B12 B14 B18

**Contidos**

Tema	
Fundamentos da tradución técnico-científica (entre inglés e galego)	Conceito e divisom da Matemática, das Ciéncias Naturais e da Técnica. Língua geral e línguas especializadas técnico-científicas. Habilitación em galego das línguas especializadas técnico-científicas. Tipología dos textos técnico-científicos. Tipología da tradución técnico-científica. Modificacións substanciais na tradución comunicativa de textos técnico-científicos e tratamento tradutivo das discordancias interculturais. Ferramentas de traballo e documentación do tradutor.
Tipo textual dos géneros compilatórios	Caraterísticas do género textual '(artigo de) enciclopedia' em inglés e em galego. Problemas e estratexias de tradución.
Tipo textual dos géneros didático-instrutivos	Caraterísticas dos géneros textuais 'manual de instrucións de utilización de produto da técnica' e 'artigo de divulgación técnico-científica' em inglés e em galego. Problemas e estratexias de tradución.
Tipo textual dos géneros orientados para o avance do coñecemento	Caraterísticas do género textual 'artigo de revista especializada' em inglés e em galego. Introdución á tradución técnico-científica inversa galego-inglés.

**Planificación**

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Sesión maxistral	10	20	30
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	4	6

Estudo de casos/análises de situacións	32	64	96
Traballos tutelados	2	12	14

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Tomada de contacto com o alumnado e presentación da disciplina.
Sesión maxistral	Apresentación dos temas teóricos do programa.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Análise e resolución colectiva de exercicios que visan desenvolver no alumnado competencia expresiva e destrezas metodolóxicas.
Estudo de casos/análises de situacións	Apresentación e análise de casos ou situacións máis habituais na práctica profesional mediante a realización de encomendas de tradución individuais.
Traballos tutelados	Realización e exposición pública por parte de equipos integradas por varios alumnos de un traballo consistente na tradución comentada de un artigo de divulgación técnico-científica.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendimento na FFT, ou através do correo-e ou da plataforma de teleformación «Tema»). A finalidade deste atendimento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipo).
Traballos tutelados	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendimento na FFT, ou através do correo-e ou da plataforma de teleformación «Tema»). A finalidade deste atendimento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipo).
Estudo de casos/análises de situacións	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendimento na FFT, ou através do correo-e ou da plataforma de teleformación «Tema»). A finalidade deste atendimento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipo).
Resolución de problemas e/ou exercicios	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendimento na FFT, ou através do correo-e ou da plataforma de teleformación «Tema»). A finalidade deste atendimento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipo).

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Estudo de casos/análises de situacións	Realización de modo autónomo e individual de dúas encomendas de tradución, as cales visan reproducir as condicións da práctica profesional.	70
Traballos tutelados	Elaboración en equipo e exposición pública de un traballo consistente na tradución comentada de un artigo de (alta) divulgación técnico-científica.	30

### Outros comentarios sobre a Avaliación

A presente disciplina pode cursar-se, na primeira convocatoria, en regime de *avaliación continua* (em que se valorizará fundamentalmente a adquisición de competencia tradutiva e a participación regular e activa nas aulas) ou de *avaliación única final* (exame oficial). Na segunda e sucesivas convocatorias só é posible o regime de avaliación única final.

Na primeira convocatoria, enténdese que un alumno opta polo regime de avaliación continua (o máis recomendábel nesta disciplina!) cando realiza algunha das actividades da avaliación continua (encomendas de tradución individuais, traballo en equipo). Para superar a avaliación continua, o alumno deberá atingir, no mínimo, unha frecuencia de aulas de c. 80% e obter o aprobado na media aritmética ponderada das clasificacións nas dúas encomendas de tradución individuais (cada unha, 35% da clasificación global) e no traballo en equipo (30%). Os alumnos que non superarem a avaliación continua mediante as actividades referidas deberán realizar o *exame oficial* da convocatoria de xullo ou de sucesivas convocatorias. (A primeira encomenda de tradución individual será lanzada durante a primeira ou segunda semana letiva de novembro, a segunda encomenda de tradución individual será lanzada no 12 de decembro [con entrega da tradución a 19 de decembro] e o traballo en equipo será exposto e entregado a 13 de xaneiro).

O *exame oficial* da disciplina (convocatorias de decembro [10 de decembro, 11-13 h, sala B1] e xullo [data, hora e lugar establecidos polo Decanato]) consta de unha parte teórica a redixir en galego (30% da clasificación nunha media aritmética ponderada) e de outra práctica (70%), a cal consiste na tradución para galego, a realizar no prazo de varios días

no quadro de unha encomenda de tradución, de un texto técnico-científico redigido en inglés.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

---

1. BIBLIOGRAFIA ESSENCIAL (ampliada nas aulas)

AA.VV. 2009 (5.ª ed.). *Dicionário de Inglês-Português*. Série «Dicionários Editora». Porto Editora. Porto. [tb. em CD e versom simplificada accesível em [www.infopedia.pt](http://www.infopedia.pt)]

FÜRSTENAU, Eugénio. 2001 (25.ª ed.). *Novo Dicionário de Termos Técnicos Inglês-Português*. Editora Globo. São Paulo.

- - -

GARRIDO, Carlos e Carles RIERA. 2011 (2.ª ed.). *Manual de Galego Científico. Orientaçons Lingüísticas*. Através Editora. Santiago de Compostela.

BYRNE, Jody. 2012. *Scientific and Technical Translation Explained. A Nuts and Bolts Guide for Beginners*. St. Jerome. Manchester.

GARRIDO, Carlos. 2001. *Aspectos Teóricos e Práticos da Tradução Científico-Técnica (Inglês>Galego)*. Associação Galega da Língua. Santiago de Compostela.

GÖPFERICH, Susanne. 1995. *Textsorten in Naturwissenschaften und Technik. Pragmatische Typologie - Kontrastierung - Translation*. Gunter Narr. Tübinga.

DE CARVALHO, Rómulo. 2004. «A descoberta do mundo físico». Em R. de Carvalho: *Cadernos de Iniciação Científica*: 20-34. Relógio D'Água. Lisboa.

NORD, Christiane. 1997. «A functional typology of translations». Em A. Trosborg (org.): *Text Typology and Translation*: 43-66. Benjamins Translation Library, vol. 26. John Benjamins. Amesterdám/Filadélfia.

---

## **Recomendacións**

---

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

---

Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego/V01G230V01502

Tradución idioma 1, III: Inglés-Galego/V01G230V01605

---

### **Outros comentarios**

---

Recomenda-se freqüentar todas as cadeiras da combinación lingüística inglés-galego.

---